

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, DA XUNTA DE GALICIA, E A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL CONDADO PARADANTA PARA A EXECUCIÓN DUNHA INSTALACIÓN PERMANENTE DE TRAIL RUNNING CENTER ACREDITADA POLA REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ATLETISMO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES,

DECLARA:

Que esta CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES-SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou coa Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta os instrumentos convencionais referidos por un período de vixencia que abrangue dende o 9 de maio de 2024 ao 31 de decembro de 2024.

Data sinatura	Descrición	Importe total
08/05/2024	Convenio de cooperación entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, da Xunta de Galicia, e a Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta para a execución dunha instalación permanente de Trail Running Center acreditada pola Real Federación Española de Atletismo	18.000,00 €

Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto *establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta relacionada para a execución das obras neles sinaladas.*

Que existe *converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.*

Que os instrumentos convencionais que se pretenden asinar *fundamentanse no seguinte:*

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, actualmente vixente en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias e funcións en materia de deportes.



O Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta é unha asociación sen ánimo de lucro que se constitúe en A Cañiza o 30 de xullo de 2008 coa finalidade de vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos da comarca Condado Paradanta e constituírse nun foro de debate continuo sobre os problemas do territorio, prestando especial atención á mocidade, ás mulleres, á protección do ambiente, á creación de emprego e ás actividades agrogandeiras e forestais.

Ten como fins, entre outros, promover actuacións e proxectos para o desenvolvemento do territorio, podendo ser estes proxectos de natureza produtiva, orientados á xeración de emprego e riqueza, ou non produtiva, que perseguen a dotación de servizos e equipamentos. Por tanto, constitúese como un ente dinamizador no medio rural e clave no referente ás políticas de fixación da poboación e incluso na loita contra a desocupación do agro e o seu abandono.

II. As entidades públicas asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. Neste sentido é de interese da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a colaboración coas entidades públicas para o fomento do deporte no ámbito municipal.

A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada pola mellora da oferta e dotación públicas de instalacións e equipamentos deportivos que é unha das prioridades da Xunta de Galicia, coincidente tamén co servizo do interese público que procura a Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta.

Os Trail Running Centrens (TRC) constitúen o único modelo de instalación de itinerarios permanentes de Trail Running acreditados pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA) que nace como o modelo español para desenvolver a práctica desta modalidade deportiva na natureza e que garanta, na medida do posible a seguridade nas rutas.

Así, no proxecto do GDR Condado Padaranta propóñense varios recorridos na natureza, en concreto tres itinerarios para a práctica do Trail Running cunha serie de dotacións neste recorrido para obter a correspondente acreditación, entre elas unha rede con sinalización específica, un centro de recepción de visitantes ou uns puntos de información.

Este proxecto de sinalización e implantación do TRC consiste en crear instalacións permanentes para a práctica do Trail Running, como xa existen noutros países e que axude a dar un impulso a esta práctica atlética.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

*José Ramón Lete Lasa
Secretario Xeral para o Deporte*

